

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR A O SEÑOR
TOMÉ ROCA A QUE PRESENTE A SUA DIMISIÓN
COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DA CORPORACIÓN
MUNICIPAL.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que con data 10 de Decembro de 2025, o Alcalde, D. José Tomé Roca, anunciou a súa renuncia á súa militancia no PSOE e aos seus cargos orgánicos no mesmo, por mor da publicación en medios de comunicación, e confirmación posterior, da existencia de denuncias internas por presunto acoso sexual presentadas por varias mulleres na canle ética do partido. O Alcalde anuncia que os concelleiros do seu grupo político abandonarán tamén o Partido Socialista.

Que a decisión do Alcalde e dos concelleiros de goberno de causar baixa na formación política que os presentou e adquirir a condición de Concelleiros Non Adscritos, mentres manteñen os seus cargos, evidencia unha grave crise de lexitimidade e unha ruptura co compromiso ético fundamental que debe rexer toda acción pública.

Que, aínda que o Alcalde e os concelleiros conservan legalmente as súas actas (amparados no réxime de non adscritos), o mantemento da máxima autoridade institucional baixo a sombra de acusacións de tal gravidade e tras ser rexeitado pola súa propia formación, constitúe un dano irreparable á imaxe, a honorabilidade e a integridade do Concello de Monforte de Lemos.

Que o goberno municipal debe ser un exemplo de tolerancia cero fronte a calquera forma de acoso ou violencia machista. A continuidade do Alcalde e do goberno nestas circunstancias é incompatible coa defensa dos dereitos das mulleres e cos principios de transparencia e exemplaridade que esixe a cidadanía de Monforte de Lemos.

Por todo o exposto, Presentamos a seguinte Propostas de Acordos para o seu debate e aprobación no Pleno da Corporación Municipal:

PRIMEIRO: Instar formal e publicamente ao Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, D. José Tomé Roca, a que presente a súa dimisión irrevogable e inmediata do seu cargo como Alcalde, pola quebra da confianza política e da exemplaridade institucional xerada polas denuncias coñecidas; permitindo a apertura dun proceso que restaure a estabilidade e a honorabilidade institucional en Monforte de Lemos,

SEGUNDO: Reafirmar o compromiso desta Corporación coa tolerancia cero fronte ao acoso e a violencia machista, e expresar o apoio e a solidariedade deste Pleno a todas as presuntas vítimas.